

Presente e futuro: a memoria de prácticas

Descrición do curso

Este curso está pensado para acompañarte, paso a paso, na elaboración da memoria que debes presentar ao remate da túa fase de prácticas como funcionario ou funcionaria docente en prácticas. A través de módulos curtos, claros e prácticos, irás construíndo a túa memoria paso a paso.

O curso non só che ofrecerá recursos e orientación para redactar a memoria, senón que tamén che axudará a comprender mellor a fase de prácticas, as obrigas que implica, e os procesos administrativos vinculados (como a alta en MUFACE ou a participación no concurso de traslados). Cada módulo inclúe explicacións claras, exemplos reais ou modelos orientativos, e actividades entregables que te guiarán na creación progresiva do teu documento final.

Ao final do curso, deberías contar cunha versión completa da túa memoria, coidada tanto no contido como na forma, lista para ser entregada.

Persoa titora

Sarai Rodríguez Iglesias
sarairodriguez@galicia.ccoo.es

Duración, data de inicio e de fin

30 horas. Do 7 ao 31 de xaneiro de 2027

Requisitos mínimos

- Coñecementos básicos de informática: capacidade para usar un navegador web, realizar buscas en internet e xestionar arquivos (subir, descargar, gardar, etc.).
- Unha conexión estable a internet.
- Navegador web actualizado: Chrome, Firefox, Safari, Edge, Opera, etc.
- Unha conta na [plataforma de teleformación de CCOO Ensino](#). Se non a tes xa, proporcionarásela unha vez se formalice a matrícula no curso.
- Ganas de explorar, experimentar e aprender!

Módulos. Descrición e obxectivos

Este curso organízase en módulos que seguen a estrutura da memoria de prácticas. Cada módulo inclúe unha descrición e os obxectivos que se perseguen, para que coñezas de antemán que traballarás en cada fase e con que finalidade.

Módulo 0. Preparándote para aprender: benvida ao curso (1 hora)

Do 7 ao 10 de xaneiro de 2027

Este módulo introdutorio é a túa primeira parada no curso. Comezaremos coas presentacións das persoas participantes e ofreceremos unha visión xeral do curso.

Obxectivos

- Presentarte ao grupo de participantes.
- Obter unha visión xeral do curso.

Módulo 1. O comezo. A fase de prácticas (4 horas)

Do 7 ao 10 de xaneiro de 2027

Neste módulo abordarás os aspectos básicos que marcan o inicio do teu percorrido como funcionario ou funcionaria en prácticas. Trataranse as claves para comprender o que implica a fase de prácticas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo. Tamén se presentará información útil sobre os primeiros trámites que cómpre realizar, como a alta en MUFACE, e sobre a participación obrigatoria no concurso de traslados.

Obxectivos

- Comprender o sentido e as características principais da fase de prácticas no marco do proceso selectivo.
- Coñecer os requisitos, prazos e implicacións da avaliación durante esta fase.
- Identificar as obrigas iniciais como funcionario/a en prácticas, incluíndo a afiliación a MUFACE.
- Familiarizarse cos aspectos básicos do concurso de traslados, especialmente no seu aspecto de participación obrigatoria.

Actividade

- Cuestionario

Módulo 2. A estrutura da memoria e o capítulo de introdución (5 horas)

Do 11 ao 14 de xaneiro de 2027

Neste módulo planificarás e iniciarás a redacción da túa memoria da fase de prácticas. Comezaremos cunha proposta de estrutura que che servirá como guía para organizar os contidos. A continuación, centrarémonos no primeiro capítulo: a introdución, un apartado clave para contextualizar o documento e explicar a túa traxectoria profesional. Inclúense exemplos orientativos e consellos prácticos que che axudarán a comezar con bo pé.

Obxectivos

- Comprender a finalidade da memoria como instrumento de avaliación da fase de prácticas.
- Identificar os principais apartados que debe conter a memoria.
- Coñecer os elementos esenciais que debe recoller o capítulo de introdución.
- Redactar o capítulo de introdución da memoria.

Actividade

- Capítulo de introducción da memoria

Módulo 3. O capítulo do contexto do centro educativo (4 horas)

Do 15 ao 17 de xaneiro de 2027

Neste módulo elaborarás o capítulo dedicado ao contexto do centro educativo no que estás a realizar a fase de prácticas. Esta sección da memoria serve para situar a túa experiencia profesional nun marco real e concreto, analizando as características do centro, a súa organización, o entorno sociocultural e a súa oferta educativa. Aprenderás a localizar e interpretar os documentos institucionais claves, como o Proxecto educativo de centro, e a redactar unha visión global e contextualizada que fundamente o resto do documento.

Obxectivos

- Comprender a finalidade do capítulo de contexto dentro da memoria de prácticas.
- Identificar os elementos esenciais que deben incluírse: características xerais do centro, oferta educativa, recursos, organización interna, etc.
- Saber localizar e utilizar fontes documentais como o Proxecto educativo de centro e a páxina web do centro.
- Redactar un texto que axude a entender o marco no que se desenvolve a actividade docente.
- Desenvolver habilidades de análise e síntese para transformar datos institucionais en información relevante.

Actividade

- Capítulo de contexto do centro educativo

Módulo 4. O capítulo da actividade docente (8 horas)

Do 18 ao 24 de xaneiro de 2027

Neste módulo traballarás na elaboración do capítulo máis extenso e relevante da memoria: o dedicado á actividade docente desenvolvida durante a fase de prácticas. Este apartado recolle de forma detallada a túa experiencia real como docente: desde a organización das materias e grupos ata a metodoloxía, a avaliación, a atención á diversidade ou o labor tutorial.

Obxectivos

- Identificar os contidos fundamentais que debe recoller o capítulo de actividade docente.
- Describir con claridade a organización das materias impartidas e as características dos grupos.
- Explicar a metodoloxía empregada, os criterios e instrumentos de avaliación e as accións desenvolvidas no ámbito tutorial.
- Analizar a atención á diversidade e a coordinación co equipo docente e coas familias.

Actividade

- Capítulo da actividade docente

Módulo 5. O capítulo da valoración global (4 horas)

Do 25 ao 27 de xaneiro de 2027

Neste módulo abordarás a redacción do capítulo final da memoria, centrado na valoración global da túa experiencia durante a fase de prácticas. Trátase dun espazo para a reflexión persoal e profesional, no que debes identificar os logros acadados, as dificultades atopadas, os apoios recibidos e as aprendizaxes máis significativas. Máis alá de facer un resumo, este capítulo busca recoller a túa evolución como docente e a túa capacidade para analizar o proceso vivido con honestidade e espírito crítico.

Obxectivos

- Comprender o valor deste capítulo dentro da memoria de prácticas.
- Identificar e formular os principais logros, retos e aprendizaxes experimentados durante a fase de prácticas.
- Recoñecer o papel dos apoios recibidos.
- Desenvolver unha reflexión crítica sobre a propia práctica docente e sobre o proceso de incorporación á función pública.

- Pechar a memoria cun texto coherente, honesto e profesional que amose madurez pedagóxica.

Actividade

- Capítulo da valoración global

Módulo 6. Peché da memoria (4 horas)

Do 28 ao 31 de xaneiro de 2027

Este módulo está dedicado a completar os últimos detalles da túa memoria. Traballarás na elaboración das seccións auxiliares do documento: a portada, os anexos, a bibliografía/webgrafía e as referencias lexislativas. Revisarás o documento no seu conxunto para asegurarte de que presenta unha redacción coherente e un estilo axeitado. Tamén aprenderás a deseñar unha portada atractiva e a dar formato ao texto para que o resultado final sexa visualmente ordenado e agradable de ler. O obxectivo é entregar un traballo completo e ben presentado, que reflicta tanto o contido como o coidado posto na súa elaboración.

Obxectivos

- Revisar o conxunto da memoria para mellorar a coherencia e o estilo.
- Corrixir erros que poidan dificultar a comprensión do texto.
- Deseñar unha portada atractiva e profesional que identifique correctamente o documento.
- Aplicar un formato coidado que favoreza a lectura e transmita unha imaxe profesional e organizada.
- Elaborar correctamente os elementos finais da memoria, como anexos, bibliografía, webgrafía e referencias lexislativas, asegurando a súa adecuación formal e a súa utilidade como apoio ao contido principal do documento.

Actividade

- Portada, anexos, bibliografía/webgrafía, referencias lexislativas, formato.

Metodoloxía e avaliación

O curso impártese na [plataforma de teleformación de CCOO Ensino](#), que opera co *software* Moodle.

Cada módulo do curso está deseñado para proporcionar os coñecementos e habilidades esenciais relacionados co tema do que trata. Polo tanto, é preciso que consultes activamente os materiais proporcionados. O contido dos módulos irase mostrando progresivamente a medida que o curso avance.

Do mesmo xeito, cada módulo ten actividades avaliáveis que terás que entregar dentro dos prazos establecidos. Cada actividade valórase nunha escala de 0 a 10 puntos. Para superar

o curso, é necesario entregar todas as actividades e acadar unha nota media superior a 5 puntos. Se unha actividade non acada a avaliación positiva, pódese reenviar, cun máximo de tres intentos.

A continuación podes consultar a táboa en que se detallan as actividades e as respectivas datas de entrega.

Actividade	Data de entrega
Módulo 0 (1 hora)	
Actividade 0.1. Presentación no curso (non avaliable)	10 de xaneiro de 2026
Módulo 1 (4 horas)	
Actividade 1.1. Cuestionario de autoavaliación	10 de xaneiro de 2026
Módulo 2 (5 horas)	
Actividade 2.1. Elaboración parcial da memoria	14 de xaneiro de 2026
Módulo 3 (4 horas)	
Actividade 3.1. Elaboración parcial da memoria	17 de xaneiro de 2026
Módulo 4 (8 horas)	
Actividade 4.1. Elaboración parcial da memoria	24 de xaneiro de 2026
Módulo 5 (4 horas)	
Actividade 5.1. Elaboración parcial da memoria	27 de xaneiro de 2026
Módulo 6 (4 horas)	
Actividade 6.1. Elaboración parcial da memoria	31 de xaneiro de 2026

Comunicación

Hai dispoñibles varios medios de comunicación: un foro de comunicación xeral para avisos e, ademais, un foro específico en cada módulo. Estes foros serven para facilitarche a interacción tanto coas persoas titoras como co conxunto de participantes. Así mesmo, a plataforma ofrece un sistema de mensaxaría interna. Como opción final, tamén é posible que contactes coas persoas titoras a través do correo electrónico.

Licenza de uso

Os contidos do curso están publicados baixo a licenza [Creative Commons 4.0 Atribución-Compartir igual](#), que recolle as seguintes condicións:

- Liberdade de copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.

- Liberdade de remesturar, transformar e recrear sobre o material, distribuindo as modificacións coa mesma licenza ca orixinal.
- Obriga de dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios.